

**ALEXANDRE RODRÍGUEZ GUERRA (ED.)  
LINGÜÍSTICA HISTÓRICA E DIALECTOLOXÍA:  
COORDENADAS DO CAMBIO LINGÜÍSTICO.**

Vigo: Universidade de Vigo-Servizo de Publicacións,  
2016, 330 PP.

Pedro Dono López\*

pdono@ilch.uminho.pt

Tal como indica no seu “Limiar” o profesor Alexandre Rodríguez Guerra, da Universidade de Vigo, o presente traballo vén na esteira doutras compilacións recentes que indagan sobre a dimensión diacrónica ou histórica da lingua (e non só)<sup>1</sup>, apuntando á vitalidade dos campos de estudo que foca o título do libro se temos en conta o volume da produción científica que nese ámbito se insire. O preparador do volume, ademais de destacar a excelencia, termo neste caso nada protocolario, dos traballos incluídos, realiza unha presentación de cada un dos contributos que aparecen organizados tematicamente

en cinco capítulos, recollendo as referencias bibliográficas no apartado final, “Bibliografía”, que pecha o traballo. Xa da lectura deste prólogo do editor, se desprende que se trata dun volume denso e extenso, polo que a seguir realizaremos un percurso que tente dar conta da riqueza e variedade dos artigos incluídos na publicación.

No primeiro capítulo, titulado “A variación lingüística no espacio e no tempo”, inclúese o traballo “Variación lingüística, dialectoloxía e gramática histórica: algúns problemas do cambio lingüístico en galego e portugués”, onde o profesor X.L. Regueira comeza por abordar a

---

\* Centro de Estudos Humanísticos da Universidade do Minho, Braga, Portugal.

1 Cf. L. E. García & X. L. Viñas (Eds.) (2014), *Lingua, texto, diacronía. Estudos de lingüística histórica. Monografía 9 da Revista Galega de Filoloxía*. A Coruña: Universidade da Coruña; Mariño Paz, Ramón, e Xavier Varela Barreiro (Eds.) (2016), *Lingüística histórica e edición de textos galegos medievais*. Anexo 73 de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela; Mariño Paz, Ramón, e Xavier Varela Barreiro (Eds.) (2016), *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

“crise” de disciplinas como a lingüística histórica (ou a dialectoloxía), en boa medida por teren alcanzado as metas que se propuxeron, en beneficio de campos coma o da sociolingüística, e atribúe esta situación tanto ás limitacións das súas fontes como á concepción do seu obxecto de estudo, isto é, un entedemento da lingua como ente independente dos seus falantes. Tendo en consideración traballos anteriores seus que (indirectamente) inciden sobre eses ámbitos, o profesor Regueira ilustra estas consideracións revisando algúns aspectos fonéticos onde tradicionalmente se constata unha situación ben definida e diversa no caso do galego fronte ao portugués, como é o caso das secuencias de vogal+nasal, as vogais pretónicas e o sistema de sibilantes, e que, na realidade, de acordo cos datos que se achegan, necesita máis dunha matización, ao tempo que se poñen en causa nocións como “innovación” ou “conservadorismo” ou “falantes representativos” que dificilmente poden dar conta da complexidade dos feitos lingüísticos.

No mesmo capítulo, “A xeolingüística e o estudo da historia das linguas”, de Xulio Sousa, centra o seu interese, como delata o título da contribución, nos puntos de encontro entre a lingüística histórica e a xeografía lingüística, desde as mesmas orixes de ambas as disci-

plinas, onde o interese dos dialectólogos polas variedades máis conservadoras ou residuais permitiría encontrar as evidencias para entendermos a evolución das linguas en causa. A importancia dos atlas lingüísticos (monodimensionais ou pluridimensionais, históricos ou onomásticos) para a historia lingüística é outro dos aspectos abordados, analizando diferentes tipos de mapas (sincrónicos, de varias sincronías ou multidimensionais) referentes ao dominio lingüístico galego (mais non exclusivamente) e a contribución dos datos que nos fornecen para o coñecemento da historia das linguas. Pecha o seu texto reflexionando sobre a dimensión do alcance, temporal e xeográfico, dos estudos xeolingüísticos, chamando a atención sobre as recentes abordaxes que, mediante a aplicación das técnicas que permiten as actuais tecnoloxías, atenden a amplísimos períodos temporais e xeográficos.

No Capítulo II “Variación fonética, sintáctica e escriptolóxica” intégrase “A dialectoloxía valega na lingüística histórica galega” de Xosé-Henrique Costas González. Atende a dous trazos lingüísticos dos falares do val do río Ellas, en Extremadura, que poden deitar luz sobre aspectos históricos e actuais da lingua: un fónico, referente a existencia nestas falas dun “fósil” como

o africado prepalatal sonoro [dʒ], o que viría a confirmar a súa existencia no galego medieval, e outro sintáctico, a énclise do pronome ao participio en formas verbais compostas e perifrásticas. Do primeiro, rexistrado tamén nalgúns falares portugueses, indica que actulamente aparece como alófono, sen valor distintivo, aínda que entre a xente nova está a ser substituído polo correspondente fricativo. Canto ao segundo, manifestando estas falas un comportamento análogo ao do castelán no que se refire á colocación do pronome átono, chama a atención o profesor da Universidade de Vigo sobre a énclise dos pronomes de P3 (o, a, os, as) co participio integrante dunha perífrase verbal ou dun tempo composto co auxiliar *haber* (o que se interpretaría como un comportamento análogo ao que se dá coas outras formas non persoais do verbo integrando perífrases), o que se verifica ademais de xeito sistemático (fenómenos como a negación non inciden na próclise do clítico nestes casos), ocasionalmente com redobro do clítico. Apunta tamén o autor exemplos de énclise ao participio en construcións perifrásticas no galego do sur de Pontevedra (tamén existente en asturiano e na fala portuguesa de Ferreira de Alcântara), o que descartaría unha posible orixe castelá

do fenómeno, como procura destacar Henrique Costas.

Pechan o capítulo os contributos de Eduardo Moscoso Mato, “O ditongo [-oj] e as súas variantes na lingua medieval. Intento de Caracterización dialectal”, onde contrasta a situación descrita pola dialectoloxía moderna desa secuencia tautosilábica coas atestacións medievais procedentes da documentación notarial recollida no TMILG, e de Xulián Maure Rivas “Por que unha escriptoloxía da lingua galega hoxe?”. Este último, partindo de presupostos escriptolóxicos, estuda a situación das grafías <ñ> e <ll> en dous documentos medievais de Baiona, dos séculos XIII (1274) e XIV (1319), sen deixar de convocar outros manuscritos e opcións gráficas relacionadas para afirmar que estas solucións gráficas como propias da escrita galega medieval. Inclúe mostras das referidas grafías retiradas dos documentos, aínda que non chegamos a identificar claramente a cal deles pertence cada unha das atestacións, punto este importante ao tratarse de dous diplomas separados por cincuenta anos; tamén sería interesante coñecer se esta opción gráfica alternaba con outras nos documentos en causa e en que contextos o facía. Repara tamén Xulián Maure nos dígrafos con <h> (<nh>, <lh>, <ch>) na escrita medieval a partir de datos

retirados da súa tese de doutoramento, que explora documentación tudense do século XV, constantando unha escasa presenza dos dígrafos (<nh> e <lh>) na documentación. Pecha o seu contributo con unha reflexión escriptolóxica sobre o(s) uso(s) actuais das variantes Galicia-Galiza, que considera como “marca de grupo” (p. 94).

O capítulo terceiro, subordinado ao título “A variación morfolóxica”, ábrese co estudo “Diacronía e diatopía. Achega á variación morfolóxica do diminutivo galego”, de Rosario Álvarez, unha consistente aproximación ás formas con *-iñ-*, particularmente á variante *-ciñ-*. Despois de indicar os diferentes alomorfos do sufixo no galego oral (que ocasionalmente a autora contrasta coa situación do portugués e o castelán), atende ao incremento de <c, z> en galego e portugués, onde a distribución libre, a liberdade do falante para a escolha da terminación con ou sen incremento, ten unha maior expresión, aínda que cunha forte preferencia pola primeira opción. É de destacar, no contributo da profesora da Universidade de Santiago, o esforzo de presentación da complexa variación diatópica dos alomorfos indicados máis arriba (ilustrada co mapa dos diminutivos de *pau*, *pé* e *papel*), que lle permite apuntar a existencia dunha continuidade no espazo galego-por-

tugués, no sentido de que “conforme avanzamos en dirección N son menos os contextos, palabras, ocasións e falantes en que se comproba *-ciñ-*” (p. 105). Constata aínda que a dirección do cambio vai no sentido dunha extensión da variante con incremento consonántico (v. esp. pp. 111-115), nunha orientación en boa medida compartida no espazo galego-portugués, aínda que na actualidade os usos lusos presentan características alleas ao contexto galego.

En “Notas sobre variación lingüística dalgunhas formas verbais de pretérito nas cantigas galego-portuguesas (*aver*, *fazer*, *põer*, *querer*)”, Manuel Ferreiro chama a atención, no referente ás formas do tema de pretérito do *aver*, sobre as variantes sen consoante bilabial (*ou-*), documentando unicamente no cancionero profano as formas coa redución do ditongo (*o-*). Atende tamén ás diferentes formas de P1 do pretérito de *põer-poer* (pus/puge/puse), *querer* (quis/quige/quise) e *fazer* (fiz/fige/fize), á súa cronoloxía e presenza en diferentes textos medievais, con especial atención á lírica trobadoresca, onde se prefire a variante palatalizada de *poer* e *querer*; non así no caso de *fazer*, onde se opta amplamente por *fiz*. O profesor da Universidade da Coruña tamén achega noticias sobre a variación análoga que poden presentar outros verbos menos frecuentes, como

*maer*, *prender* ou *aprender*. Aínda revisa as diferentes formas da P3 de Pretérito dos verbos xa aludidos, con especial atención ás formas con adición de *-o*, constatando que estas formas son as preferidas nos textos en prosa galegos (fronte aos portugueses), pero non na lírica, quer profana quer relixiosa, onde a súa presenza se pode vincular a motivacións métricas.

A morfoloxía verbal tamén é a protagonista dos restantes artigos integrados neste capítulo. Ramón Mariño, en “Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino *-TE* (P5 do imperativo)”, constata que na Idade Media foi a amplamente maioritario *-de* (ou *-nde* en *vijnde*) para a terminación da P5 do Imperativo; rexístrase como únicos casos de perda de *-d-* as formaas *ataa* (‘atade’) e *leixaa* (‘leyxade’), ambas na *Crónica Xeral Galega* (1295-1312), e *sabey* xa no século XV no *Tratado de Albeitaría*. Nos textos do Galego Medio verifica, pola contra, un predominio das formas con síncope, destacando dentro destas as que terminan en ditongo decrecente, fronte a unha variante *-de* minoritaria. Para o galego contemporáneo manexa datos do ALGa, onde a terminación *-de* (collede) é amplamente maioritaria fronte a outras solucións (*collé/collei/collende*), explorando tamén a información fornecida polos tra-

tados metalingüísticos e os testemuños dos textos literarios do período. Aquilino Santiago Alonso Núñez, pola súa banda, debrúzase sobre “A terminación da P5 *-ndes*”, para a que defende unha orixe polo cruzamento das variantes do MNP *-des / -is* (acaba por postular a mesma explicación para a desinencia *-nde* do imperativo), fronte á hipótese tradicional que apunta á analoxía. O surximento do MNP *-ndes* do galego actual, de acordo co autor, debe vincularse á terminación *-ides*, do seguinte xeito: “*Cantaides* debeu pronunciarse cunha resonancia nasal tan grande que se fixo evidente para os falantes (*cantaindes*). A redución silábica de *cantaindes* xerou a forma *cantandes*” (p.167). En apoio da súa tese da xeración dunha resonancia nasal por ditongo, aduce como testemuños do mesmo fenómeno, entre outros, formas verbais do portugués miñoto, termos como *fento* (FILICTU) ou *fanjão* (FASEOLU), documentado no portugués de Arcos de Valdevez, ou aínda observa o mesmo fenómeno fonolóxico en formas como *cantein* ou *cantarein*.

Aínda focando a morfoloxía verbal, pero con un carácter ben diferente, Francisco Fernández Rei, en “Notas de morfoloxía verbal”, elabora a súa contribución á volta do primeiro volume do Atlas Lingüístico Galego, dedicado á variación na morfoloxía do verbo, do

que o autor foi coordinador e principal redactor. Contén o texto unha suxestiva evocación das circunstancias en que se realizaron as recollas realizadas na década de setenta para o Atlas Lingüístico Galego, así como alusións á confección artesanal dos tres primeiros volumes do ALGa. Presenta o contido do ALGa I en forma dos diferentes tipos de mapas que integran o volume, ilustrados por aqueles que mostran a variación das formas verbais *cantades*, *cantabades*, *collestes* e *fixestes*. Analiza aínda a codificación da morfoloxía verbal en diferentes propostas normativas á luz dos datos recollidos no primeiro volume do Atlas.

O Capítulo IV, intitulado “A variación léxica”, recolle dous traballos de teor ben diferente. O de Manuel González, “A que responden os nomes das plantas? Algunhas denominacións da *Centaurea cyanus*”, aborda algunhas denominacións da planta nas linguas románicas desde unha metodoloxía motivacional, isto é, asentada nas motivacións nas que asenta a atribución dun nome. Explora, así, as designacións románicas do aciano motivadas pola cor, características morfolóxicas, hábitat, propiedades terapéuticas, vinculadas a crenzas e supersticións e á semellanza con outras plantas. Entre estas formas apúntanse tamén as galegas *cardofuso* ou *azoutaburros*, aínda que se bota en falta unha

maior atención ás designacións en galego. Pola súa banda, Xavier Varela, en “*Pulpo* e *polbo*. Voces motivadoras dunha fugaz controversia coas coordenadas diatópica e diacrónica como pano de fondo”, fai un percorrido polas formas contemporáneas e antigas da palabra, ao fío da controversia aludida no título e o conseguinte ditame da RAG, considerando patrimonial só a segunda das formas en causa (e sancionando a primeira como non correcta no seu dicionario). Establecendo un paralelismo coas formas do nome do país (Galicia/Galiza), pon en cuestión o rexeitamento da variante *pulpo*. En función da distribución das variantes pola costa galega na actualidade, corroborada pola xeografía das atestacións medievais e mesmo dos (escasos) testemuños de Época Moderna, que apuntan para unha instalación setentrional da variante *pulpo* fronte á meridional *polbo*, o autor afirma a galeguidade da primeira das formas e que, polo menos, deberá ser considerada como unha variante aceptable (aínda que non sexa a máis recomendable) da palabra.

O quinto e derradeiro capítulo da monografía, “A ecdótica e a dialectoloxía”, integra igulamente dous estudos. O primeiro deles é o traballo de Xosé Manuel Sánchez Rei “A información dialectal nos cancioneros galegos oitocentistas:

a importancia de Pérez Ballesteros e de Saco Arce”, cuxo alcance é ben maior do que anuncia o título, unha vez que explora moi diferentes dimensións destas compilacións desde unha perspectiva lingüística. Así, ademais de explorar os testemuños de fenómenos dialectais como o seseo implosivo, as variantes das terminacións *-án/-á*, o plural dos nomes en *-n*, o demostrativo *este/iste*, os alomorfos do MNP da P5 dos verbos, as terminacións *-eches/-iches* para a P2 do Pretérito ou as formas do adverbio *aquí/aquí/eíquí*, o autor aborda outras dimensións das recollas de Pérez Ballesteros e Saco Arce: analiza o relevancia dos cancioneros como fonte da lingua da época, o seu valor como testemuño de determinados fenómenos lingüísticos (vitalidade e usos do futuro de subxuntivo, penetración dos castellanismos léxicos, etc.) ou as consideracións de carácter lingüístico realizadas polos compiladores sobre os materiais recollidos, que nos permiten constatar toda unha serie de fenómenos fonéticos, morfolóxicos e léxicos da lingua da altura.

Pecha o volume “A *Crónica dos ministros gerais da Ordem dos Fraires Menores* (BN 94 IL) e o seu antígrafo galego”, de José António Souto Cabo, centrado no estudo da tradición manuscrita da obra, desde o orixinal latino de Arnaud

de Sarrant ata o texto portugués, editado por José Joaquim Nunes. Ademais de confirmar a data de preparación do manuscrito (1470) e a orixe portuguesa do copista, en función de certos trazos de carácter lingüístico do texto (terminacións verbais *udo/ido*, MNP da P5 verbal con ou sen síncope de *d*, terminacións nominais *-am, -om, -ão*), posta en causa polo editor, aborda a presenza de elementos de orixe castelá e galega, sobre os que tamén chamara a atención José Joaquim Nunes, que, na súa opinión, informan sobre os antecedentes da versión portuguesa: tería esta como predecesor non inmediato un texto en castelán, pois a *Crónica dos Fraires Menores* se tería elaborado a partir dun manuscrito con orixe na Coruña en 1465 (este si preparado a partir dunha versión en romance central), o que explicaría os galeguismos da obra. De aí que Souto Cabo conclúa a súa contribución con estas palabras: “O panorama literario galego da segunda metade do s. XV recupera na *CFMenores* un testemuño perdido que nos permite atenuar, assim, o significado do adjectivo ‘exíguo’ que o caracteriza” (p. 293).

Non queremos finalizar esta aproximación, que xa vai longa a pesar de só temos feito breve referencia ao contido de cada un dos estudos incluídos, sen destacar,

entre outros moitos valores da publicación preparada por Alexandre Rodríguez Guerra, que resulta iluminador sobre múltiples aspectos da lingua, nomeadamente na súa dimensión histórica, desde perspectivas e disciplinas diversas, o que o torna un volume de particular interese para aqueles que nos interesamos polo estado da lingua

nos tempos pretéritos. Tampouco queremos deixar de rexistrar, se non se evidenciou o suficiente nas liñas anteriores, que o portugués é convocado (cando non é protagonista) a cada paso, contribuíndo a miúdo para esclarecer esclarecer, explicar ou afortalar os aspectos lingüísticos estudados en cada artigo.

[recebido em 11 de outubro de 2018 e aceite para publicação em 29 de novembro de 2018]